

ou máis inmobles, construídos ou en construción, durante un período determinado ou determinable do ano, quedará suxeita ó prescrito nela.

2. A transmisión de tales dereitos rexerá polo réxime que ata a entrada en vigor da lei regule o inmovible. Una vez transcorrido o período de adaptación, se esta non se realizou, rexerá pola presente lei. Se tal adaptación se realizou, a partir da data dela, a transmisión realizarase de conformidade co réxime publicado no Rexistro.

3. Serán en todo caso de aplicación os artigos 2 e 8 a 12 da presente lei.

#### Disposición transitoria segunda. *Réximes preexistentes.*

1. Os réximes preexistentes de dereitos relativos á utilización dun ou máis inmobles, construídos ou en construción, durante un período determinado ou determinable do ano, a constitución dos cales conste de calquera forma admitida en dereito, deberán adaptarse, no prazo de dous anos, ás disposicións desta lei.

Se o réxime preexistente estivese inscrito, poderase solicitar do rexistrador o informe non vinculante a que se refire o artigo 355 do Regulamento hipotecario, sobre a forma en que deberá realizarse a adaptación.

Transcorridos os dous anos, calquera titular dun dereito, real ou persoal, relativo á utilización dun ou máis inmobles durante un período determinado ou determinable do ano, poderá instar xudicialmente a adaptación prevista na presente disposición.

2. Para esta adaptación será necesario, en todo caso, outorga-la escritura reguladora cos requisitos do artigo 5 que sexan compatibles coa natureza do réxime e inscribirla no Rexistro da Propiedade, para os únicos efectos de publicidade e con pleno respecto ós dereitos adquiridos. Dos contratos a que se refire o artigo citado só deberán incorporarse os que existan no momento da adaptación. A escritura deberá ser outorgada polo propietario único do inmovible.

Se o réxime preexistente se constituíu de tal modo que os titulares dos dereitos son propietarios do inmovible por cotas indivisas que comportan o desfrute dunha quenda determinada, a escritura de adaptación deberá ser outorgada polo presidente da comunidade de propietarios, logo de acordo da propia comunidade adoptado por maioría simple de asistentes á xunta que se convoque para o efecto.

Na escritura de adaptación, o propietario único do inmovible deberá describi-lo réxime preexistente e manifestar que os dereitos que se van transmitir no futuro terán a natureza que resulte daquel, idéntica á dos xa alleados. Se desexa comercializa-las quendas aínda non transmitidas como dereitos de aproveitamento por quenda deberá, ademais, constituí-lo réxime respecto dos períodos dispoñibles cos requisitos establecidos nesta lei, pero sen necesidade de que o réxime se constituía sobre todo o inmovible, senón só respecto das quendas non alleadas. Se desexa transformar todo o réxime para convertelo nun réxime de dereitos de aproveitamento por quenda, tal e como o regula a lei, poderá facelo cumprindo tódolos requisitos establecidos nesta, pero mantendo a duración que tivese o réxime preexistente, mesmo se era indefinida.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, tódolos réximes preexistentes terán unha duración máxima de cincuenta anos, a partir da entrada en vigor da presente lei, salvo que sexan de duración inferior, ou que fagan, na escritura de adaptación, declaración expresa de continuidade por tempo indefinido ou prazo certo.

#### Disposición transitoria terceira. *Incumprimento da obriga de adaptación.*

O incumprimento, por parte do propietario, da obriga de adapta-lo réxime daralles dereito ós adquirentes, aínda que non contraten con el directamente, a resolve-los contratos que se subscribisen despois da entrada en vigor da lei, podendo esixirlle a devolución das cantidades satisfeitas e a indemnización de danos e perdas.

#### Disposición derradeira única. *Competencia constitucional.*

Esta norma dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 14.<sup>a</sup> da Constitución, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de decembro do 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**28993** *LEI 43/1998, do 15 de decembro, de restitución ou compensación ós partidos políticos de bens e dereitos requisados en aplicación da normativa sobre responsabilidades políticas do período 1936-1939. («BOE» 181, do 16-12-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen.  
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I. Antecedentes

Por decreto do 13 de setembro de 1936 foron declarados ilegais os partidos e agrupacións políticas ou sociais que integraban a fronte popular, así como calquera outro que se opuxese ó alzamento militar que deu lugar ó inicio da guerra civil, ó tempo que se decretaba o requisa de cantos bens mobles, inmobles, efectos e documentos pertencesen ós referidos partidos e agrupacións, pasando todo iso á propiedade do Estado. Os termos deste decreto foron confirmados na posterior lei do 9 de febreiro de 1939, que sinalou como fundamento das ditas medidas a responsabilidade política en que incorreran as organizacións citadas.

Superada a guerra civil e promulgada a Constitución española de 1978, viñéronse sucedendo decisións de variada índole, encamiñadas á restauración de situacións xurídicas ilexítimamente afectadas por decisións adoptadas ó abeiro dunha normativa inxusta. Así, as normas de amnistía, o recoñecemento de dereitos asistenciais ás persoas pertencentes ó exército republicano ou a restitución de bens e dereitos do denominado patrimonio sindical histórico requisado ás organizacións sindicais, conforme a Lei 4/1986, do 8 de xaneiro.

Na actualidade parece chegado o momento de avanzar no dito proceso reparador, creando o marco xurídico necesario para lles reintegrar ós partidos políticos os bens e dereitos de que foron desposuídos durante a guerra civil ou ó finalizar esta, consonte cun dos obxectivos que inspirou a nosa actual Constitución de garanti-la convivencia de tódolos españois, superando as consecuencias da guerra civil, e en consonancia co papel relevante que aquela lles outorga ós partidos políticos, ós que incorpora na medula do Estado democrático, mediante a precisión da súa concorrencia á formación e manifestación da vontade popular, o que esixe dese Estado democrático un acto de xustiza histórica como é o de lles devolver aquilo que lles foi arrebatado, dándolles, por outra parte, un trato idéntico ó xa dado no seu día ás organizacións sindicais.

Estas premisas básicas permiten recoñecer, en primeiro termo, o dereito á restitución e delimitar despois os ámbitos obxectivo e subxectivo da lei, tarefa chea de graves dificultades técnico-xurídicas, xa que será preciso delimitar qué se restitúe (bens, dereitos de contido patrimonial, dereitos persoais, froitos, rendas, etcétera), así como quén son os beneficiarios da devolución, sendo todo iso sumamente complexo, dado que transcorreron máis de cincuenta anos, desapareceron algúns dos primitivos titulares e destruíronse arquivos, protocolos e rexistros.

Nesta tesitura optouse por non recoñecer-los dereitos persoais e aqueloutros de contido patrimonial de máis difícil avaliación, como é o caso dos froitos e rendas. Igualmente, decidiuse limitar ós partidos políticos o ámbito subxectivo do texto legal elaborado ó considerar que, conforme establece o artigo 6 da Constitución, son entidades que concorren de maneira especial na formación e manifestación da vontade popular, cualidade que os diferencia dos meros suxeitos portadores de intereses privados.

Trátase, en suma, de abordar esta inxente tarefa de forma prudente e ó mesmo tempo definitiva, evitando que unha xeneralización de restitucións e indemnizacións limiten a operatividade da lei.

Xunto ós principios xurídicos xa apuntados, é necesario engadi-lo de seguridade xurídica polo cal se trata de concilia-lo dereito dos actuais propietarios dos bens a non ser inquietados na súa propiedade, co obxectivo de que a restitución produza o efecto desexado en favor dos partidos que foron desposuídos dos seus bens e dereitos.

A isto ténselle que suma-lo principio da maior grautidade posible, no sentido de que os beneficiarios da restitución, que xa sufriron serios prexuízos durante un longo período de tempo, soporten os menores gastos e custos posibles inherentes ó proceso. De aí que se considerase conveniente que a declaración de restitución sexa título suficiente para a inscrición rexistral dos bens, e que tódolos actos ou negocios xurídicos derivados da aplicación desta lei estean exentos de calquera tributo e se lles apliquen todas aquelas bonificacións establecidas a favor do Estado.

Dada a enorme casuística e as dificultades prácticas que poden xurdir á hora de aplicar estes criterios, prevese a atribución de competencias a un órgano administrativo específico para que reciba e tramite as solicitudes, avalíe as probas presentadas sobre a titularidade dos peticionarios e a concreción dos bens requisados, aplique criterios uniformes de valoración á hora da fixación de indemnizacións substitutorias e lle propoña ó Goberno a adopción da decisión que en cada caso corresponda, malia que se considerou oportuno pospoñer-lo exercicio de tales competencias ó necesario desenvolvemento regulamentario da presente lei.

A devolución afecta, como non podía ser doutra forma, ós propios bens que no seu momento foron obxecto de requisa, polo cal, se a restitución non fose xa posible, por teren sido transmitidos e adquiridos lexitimamente os ditos bens por terceiros de boa fe ou por teren sufrido alteracións substanciais que impidan a súa conversión á súa forma orixinaria, o Estado compensará pecuniarmente o partido político desposuído, polo valor do ben ou bens de que se trate.

Para finalizar, unicamente se indicará que o espírito de reposición á situación orixinaria esixe que o Estado realice pola súa iniciativa e pola súa conta actuacións tales como deslindamentos e inscricións rexistrais.

#### Artigo 1. *Restitución de bens ou dereitos de contido patrimonial.*

O Estado restituirá, nos termos establecidos na presente lei, ós beneficiarios previstos no artigo 3, os bens inmobles e dereitos de contido patrimonial de que é ou foi titular e que foron requisados a partidos políticos ou a persoas xurídicas vinculadas a eles, en aplicación do Decreto do 13 de setembro de 1936, a Lei do 9 de febreiro de 1939, a Lei do 19 de febreiro de 1942 e a orde do 9 de xuño de 1943. A restitución ós partidos políticos de bens inmobles ou dereitos de contido patrimonial pertencentes a persoas xurídicas vinculadas a eles só procederá cando se trate de bens que estivesen afectos ou destinados ó exercicio das actividades políticas daqueles no momento da requisa.

Non procederá a restitución de bens mobles, nin o aboamento, indemnización ou compensación ningunha polos froitos e rendas deixados de percibir desde o momento da incautación, nin polos dereitos de contido patrimonial derivados da perda de dereitos persoais.

#### Artigo 2. *Compensación pecuniaria.*

1. Se os bens ou dereitos a que se refire o artigo anterior non puidesen ser devoltos total ou parcialmente por non quedaren suficientemente identificados, por pertenceren a terceiras persoas distintas do Estado, por se encontraren no suposto recollido no artigo 7, da presente lei ou por calquera outra causa, o Estado compensará pecuniarmente o seu valor.

O dito valor será fixado, se é o caso, polo Consello de Ministros, por proposta do centro directivo a que se refire o artigo 6 desta lei, con referencia á data da súa entrada en vigor.

Non procederá restitución nin compensación ningunha naqueles casos en que xa se producise a restitución ou compensación en aplicación de calquera outra normativa.

2. No suposto de os bens experimentaren alteracións físicas mediante a incorporación de melloras, o beneficiario da devolución estará obrigado a lle aboar ó Estado o valor das ditas melloras, con referencia á data prevista no número anterior, agás que estas representen máis do 25 por 100 do valor total dos bens ou dereitos; neste caso o Estado poderá optar pola percepción da compensación derivada do aumento de valor, ou polo mantemento da súa titularidade, aboando a compensación correspondente ó valor dos bens ou dereitos.

3. No suposto de os bens seren gravados polo Estado con cargas de carácter real, independentemente do dereito dos beneficiarios a recuperar a súa propiedade, procederá o aboamento dunha compensación pecuniaria pola redución do valor dos ditos bens, de acordo co establecido no número 1 deste artigo.

### Artigo 3. *Beneficiarios da restitución ou compensación.*

Terán dereito á restitución ou, se é o caso, compensación previstas nesta lei:

1. Os partidos políticos mencionados de forma xenérica ou individualizada no artigo 2 da Lei do 9 de febreiro de 1939, que con anterioridade ó 6 de decembro de 1978 solicitasen formalmente a súa reconstituición legal ou en tal data fosen xa reconstituídos legalmente e sempre que a súa personalidade non se extingue con anterioridade ó 1 de decembro de 1995, respecto dos bens e dereitos de contido patrimonial dos que foron titulares e requisados en aplicación da dita lei e as demais normas sobre responsabilidades políticas.

2. Así mesmo, os citados partidos políticos respecto dos bens inmobles e dereitos de contido patrimonial pertencentes a persoas xurídicas vinculadas a eles, cando tales bens e dereitos fosen requisados en aplicación da citada lei e demais normas sobre responsabilidades políticas e estivesen afectos ou destinados ó exercicio de actividades políticas dos ditos partidos no momento da incautación.

### Artigo 4. *Regularización xurídica.*

O Estado procederá a identifica-los bens inmobles e dereitos de contido patrimonial reclamados de acordo cos datos de titulación que aparezan nos seus arquivos, así como nos protocolos notariais e nos rexistros da propiedade, regularizando a situación xurídica daqueles e realizando os deslindamentos, segregacións, inmatriculacións e demais operacións de regularización rexistral que resulten necesarias, sen prexuízo de que tales operacións rexistrais de inscrición ou complementarias dela se efectúen unha vez acordada a restitución, ó constituir esta título suficiente para aquelas, de acordo co establecido no artigo 6.

### Artigo 5. *Prazo para o exercicio de dereitos.*

Os dereitos e accións recoñecidos na presente lei deberán exercerse no prazo dun ano contado a partir do día seguinte ó de entrada en vigor da norma que, de acordo coa disposición derradeira primeira, se aprobe para o desenvolvemento do establecido nesta lei.

As solicitudes, efectuadas polos representantes legais dos beneficiarios previstos no artigo 3, conterán a descrición detallada do ben ou dereito do que se solicita a restitución ou compensación. Á solicitude xuntarán-selle os documentos acreditativos da existencia no seu momento dos bens ou dereitos, do dereito á restitución ou compensación que se solicita, da titularidade, incautación por aplicación da normativa mencionada no artigo 1, así como de canta outra documentación se estableza regulamentariamente, aceptándose como probas ou medios acreditativos tódolos admitidos en dereito.

O Estado facilitará o acceso con preferencia e graitude ós fondos e arquivos, así como ós rexistros públicos onde se puidese atopa-la referida documentación.

### Artigo 6. *Tramitación e resolución de solicitudes.*

A tramitación das solicitudes de restitución ou compensación dos bens e dereitos a que se refire esta lei levaraa a cabo a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado que instruirá os oportunos expedientes, de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza e proporá as valoracións dos bens e dereitos para os efectos compensatorios previstos nesta lei.

A resolución dos procedementos incoados, que será motivada, corresponderá ó Consello de Ministros, logo

de informe e por proposta da citada dirección xeral, a través do Ministerio de Economía e Facenda, e acordará a desestimación ou a restitución total ou parcial ou o dereito á compensación, constituíndo a declaración de restitución título suficiente para a inscrición dos bens e dereitos no Rexistro da Propiedade.

### Artigo 7. *Aprazamento da restitución ou compensación.*

No caso de que ó abeiro da presente lei houberse que restituír bens ou dereitos afectados ó dominio público, o Goberno, nun prazo non superior a tres meses desde o recoñecemento, poderá optar, en resolución motivada, pola súa compensación ou pola súa restitución. Neste último caso poderá apraza-la súa efectividade por un período máximo de dous anos, logo de informe da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, fixando unha indemnización complementaria.

Igualmente, e nos termos que regulamentariamente se establezan, o Goberno poderá acordar en resolución motivada un aprazamento no pagamento das compensacións pecuniarias que se recoñezan ou o fraccionamento do pagamento ó que puidesen estar obrigados os beneficiarios de restitucións nos supostos recollidos nesta lei. Os ditos aprazamentos non excederán de catro anos e devengarán, en ámbolos casos, o xuro legal do diñeiro.

### Artigo 8. *Exencións tributarias.*

1. A restitución de bens e dereitos de contido patrimonial e a compensación pecuniaria dispostas na presente lei non se integrarán na base imponible do imposto sobre sociedades dos partidos políticos e das persoas xurídicas a eles vinculadas, e cando impliquen a realización dalgún dos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, estará exenta del.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo dos réximes fiscais forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e do réxime de convenio económico con Navarra.

2. Os instrumentos públicos, documentos, inscricións ou asentos que, se é o caso, se practiquen no Rexistro da Propiedade ou noutros rexistros públicos, gozarán dos mesmos beneficios que os establecidos a favor do Estado na lexislación vixente respecto ós honorarios que se tivesen que satisfacer.

### Artigo 9. *Recursos.*

Os acordos do Consello de Ministros adoptados ó abeiro da presente lei porán fin á vía administrativa, e contra eles poderá interperse recurso contencioso-administrativo.

### Disposición adicional única.

1. Ademais dos bens e dereitos recollidos no artigo 1 desta lei, excepcionalmente, serán obxecto de compensación os beneficiarios establecidos no artigo 3:

a) A privación definitiva, fidedignamente acreditada, do uso e desfrute de bens inmobles urbanos en concepto de arrendatarios, sempre que a dita privación sexa consecuencia da aplicación das normas ás que se refire o artigo 1, parágrafo primeiro.

O importe desta compensación fixarase por un período máximo de duración do contrato de dez anos, ou o que tivese, se fose menor, e a súa contía será a que resulte de actualiza-la renda anual segundo o índice do



valor constante da peseta, elaborado polo Banco de España.

b) A incautación, fidedignamente acreditada, de saldos en efectivo en contas e depósitos en entidades bancarias e financeiras legalmente autorizadas para operar como tales na data da incautación, sempre que as ditas contas e depósitos figurasen a nome dos beneficiarios establecidos no artigo 3 e a incautación fose consecuencia da aplicación da normativa a que se refire o artigo 1, parágrafo primeiro.

O importe da compensación será o que resulte de actualizala contía incautada segundo o índice do valor constante da peseta elaborado polo Banco de España.

2. O importe total máximo que se aboe por beneficiario será de 500.000.000 de pesetas polos dous conceptos compensables a que se refire o número anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no prazo de catro meses a partir da entrada en vigor desta lei, e por proposta conxunta dos ministerios da Presidencia, de Xustiza e de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente o disposto nela.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**28994** LEI 44/1998, do 15 de decembro, de planta e organización territorial da xurisdicción militar. («BOE» 181, do 16-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen.  
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/1988, do 21 de abril, de planta e organización territorial da xurisdicción militar, promulgouse en desenvolvemento dos artigos 44 e 59 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da competencia e organización da xurisdicción militar, nos que se establece que se determinará por lei a división territorial xurisdiccional militar de España e se sinalará a sede dos tribunais militares territoriais, co establecemento da demarcación destes.

A división territorial así deseñada carecía de suficiente base empírica que lle puidese atribuír unha vocación de permanencia no tempo, dada a moi recente reestructuración orgánica, competencial e procesual da xurisdicción castrense.

Os máis de oito anos transcorridos desde entón foron a suficiente experiencia que permite comprobala necesidade de revisar aquela distribución orixinal dos tribunais e xulgados togados militares territoriais, adecuando os recursos humanos e materiais ás esixencias actuais e ás previsibles no futuro, coa finalidade de obter un óptimo resultado en eficacia da xurisdicción militar.

Neste sentido, a análise do volume de asuntos dos actuais órganos xudiciais militares e as previsións do despregamento da Forza polo territorio nacional, son algunhas das razóns que determinan a conveniencia ou a necesidade de suprimir algúns deses órganos, altera-la xurisdicción territorial doutros ou establecer unha nova sede nun xulgado togado militar.

Partindo dos presupostos expresados, a presente lei reduce os xulgados togados militares territoriais de 28 a 18, suprimen a Sección Segunda do Tribunal Militar Territorial Primeiro e prevé expresamente a posibilidade de se pór en funcionamento, no momento en que o Goberno o determine, unha Segunda Sección exclusivamente no Tribunal Militar Territorial Segundo.

Xunto a estas previsións expresadas, esta lei, aínda tomando como referencia a división territorial actual da xurisdicción militar en cinco territorios, pretende fixalo ámbito espacial de cada un deles en función da ordenación do territorio do Estado en comunidades autónomas.

Neste sentido hai que ter en conta a importancia que teñen as comunidades autónomas na organización territorial do Estado, reflectida no marco do Poder Xudicial nos tribunais superiores de xustiza. Superar, por tanto, a actual distribución do territorio por provincias para efectos de fixalo ámbito territorial dos tribunais militares territoriais (tal como se recolle no artigo 1 da vixente Lei 9/1988) e suxeitarse ó criterio do artigo 2 da presente lei, que procura facer coincidir estes territorios coas distintas comunidades autónomas, é coherente coa estrutura territorial do Estado e, por tanto, cos mandados da nosa Constitución.

Artigo 1. *Tribunal Militar Central e xulgados togados militares centrais.*

O Tribunal Militar Central e os xulgados togados militares centrais teñen xurisdicción en toda España.

Artigo 2. *División territorial.*

Para os efectos xurisdiccionais militares, o territorio español divídese en:

Territorio primeiro: Comprende as comunidade autónomas de Castela-A Mancha, de Estremadura, da Rexión de Murcia, de Madrid e Valenciana.

Territorio segundo: Comprende a Comunidade Autónoma de Andalucía e as cidades de Ceuta e Melilla.

Territorio terceiro: Comprende as comunidades autónomas de Cataluña, de Aragón, das Illas Baleares e a Comunidade Foral de Navarra.

Territorio cuarto: Comprende as comunidades autónomas de Galicia, do Principado de Asturias, de Castela e León, de Cantabria, do País Vasco e da Rioxa.

Territorio quinto: Comprende a Comunidade Autónoma de Canarias.